

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Exposición pública e período de cobro dos padróns de subministración de auga, saneamento e depuración, correspondentes ao terceiro trimestre de 2024

ANUNCIO

Con data do 08 de novembro de 2024, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume, ditou o Decreto nº 663/2024, polo que se resolveu:

- “ Aprobar inicialmente o padrón de subministración de auga potable, saneamento e depuración correspondente ao TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024, que figura na relación de facturación presentada pola empresa concesionaria do servizo co seguinte detalle::

ABASTECIMENTO DE AUGA

Metros cúbicos facturados: 260.951 m³

Padrón: 105.939,23 €, IVE excluído

SANEAMENTO

Metros cúbicos facturados: 190.596 m³

Padrón: 27.947,37 €, IVE excluído

CANON

Metros cúbicos facturados: 178.004 m³

Padrón: 43.922,36 €, IVE excluído.

DEPURACIÓN

Metros cúbicos facturados: 168.518 m³

Padrón: 43.115,19 €, IVE excluído

- Expoñer ó público todos os datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Contra as liquidacións incorporadas ó padrón todas as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición ante esta alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

- O prazo de cobramento en período voluntario abranguerá dende o día seguinte da publicación deste edicto por un período de dous meses. Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina das seguintes entidades: ABANCA, SANTANDER, BBVA, LA CAIXA ou CORREOS, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación (factura) que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario.

Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar con VIAQUA, quen facilitará documento para poder efectuar o pago nas devanditas entidades. Tamén existe a posibilidade de domiciliación bancaria. Transcorrido o período voluntario iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de prema, coas recargas e xuros de mora que procedan.

- A falta de pagamento en período voluntario, suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

En Pontedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro na data 11 de novembro de 2024. (Delegación conferida por Decreto núm. 662/2024 de día 07.11.2024).

2024/8337